


C.-OS ELEMENTOS HUMANOS


1.-A ESTRUTURA PESQUEIRA ESPAÑOLA

A estrutura pesqueira española caracterízase polos seguintes **trazos**:

- A **poboación pesqueira é escasa**: preto de 33500 persoas en 2014, o que supón só o 0,19% da poboación activa (37200 persoas en 2013, 52600 en 2007... o que demostra a súa importante diminución nos últimos anos); ademais está envellecida e conta cunha escasa formación. Os **motivos** son a reestruturación sufrida polo sector pesqueiro, que reduciu o emprego; e a súa escasa atracción para os mozos pola dureza do traballo, a baixa rendibilidade e o alto custo de adquisición ou modernización dos buques. En Galicia os datos son un pouco “mellores”, empregaba a máis de 33000 persoas no ano 2012, o que supoñía un 3,2% do emprego na nosa Comunidade.



- A **frota pesqueira** está integrada por un número de buques algo superior a 9600 en 2014, cifra que superaba os 12000 en 2007. Está formada por unha ***frota artesanal***, con embarcacións de tamaño pequeno, que faenan no Caladoiro Nacional e fan uso de técnicas de pesca tradicional; e por unha ***frota de altura*** e ***de grande altura***, con embarcacións de gran tamaño que permanecen nos mares dos caladoiros comunitarios ou internacionais durante días, semanas ou mesmo meses e que fan uso de técnicas modernas (teledetección, GPS...) e incorporan o proceso industrial no barco (limpeza, conxelado, envasado a bordo...).



No **caladoiro nacional** faenan o 96 por cento dos barcos. A maior parte son barcos artesanais de pesca e concéntranse na rexión cantábrico-noroeste. As súas capturas son poucas, pero moi variadas. Van desde peces como a sardiña, o boquerón, o atún ou a pescada, ata cefalópodos e crustáceos.

A frota que pesca en **aguas comunitarias** da Unión Europea, non españolas, estaba constituída en 2014 por uns 120 buques de altura ou grande altura (250 en 2007) que dirixían a súa actividade a especies que viven no fondo dos mares, como a pescada, o rape, o gallo, ou o abadexo.

Nos **caladoiros internacionais extracomunitarios** faenaban en 2014 uns 210 buques adicados a unha pesca industrial, de gran altura (máis de 300 en 2007). Esta pequena cantidade de barcos ten, sen embargo, unha gran capacidade de carga (obteñen case a metade das capturas). Na súa maior parte son buques conxeladores e as especies que capturan son as que viven nas profundidades, como a pescada, a rosada, o fletán, o a raia, etc. Ademais de cefalópodos, como o calamar ou o polbo, e de crustáceos, como gambas, langostinos, etc.


Caladero		Total	
Por grandes zonas	Por censos de modalidade	Nº Buques	Arqueo (GT)
Aguas Caladero Nacional	Cantábrico-noroeste	6.676	74.124
	Mediterráneo	3.793	76.986
	Golfo de Cádiz	854	13.698
	Canarias	1.043	5.919
	cualquier zona	107	17.960
	Total	12.473	188.687
Aguas fuera de Caladero Nacional	Atlántico, aguas comunitarias no españolas	229	63.064
	Atlántico norte	38	41.668
	Aguas internacionais y terceros países	121	55.084
	Aguas internacionales	141	119.730
	Total	529	279.546
Total general		13.002	468.234

FUENTE: Datos del Censo de Flota Pesquera Operativa a 31 de dic de 2007


- A frota pesqueira e os tipos de pesca



**PESCA DE
GRAN ALTURA**



**PESCA DE
ALTURA**



**PESCA DE
BAIXURA**




Plataforma continental

**Longa distancia
varios meses**



**Media distancia
varios días**

**Curta distancia
un día**








- As técnicas de pesca



“Pesca de cerco”



“Palangre”





“Corricán”



“Almadraba”




“Pesca de arrastre”



Ninguna especie se salva


La red de la pesca de arrastre no discrimina entre las especies marinas: una vez lanzada hasta el fondo, arrastra camarones, estrellas de mar y demás moluscos; afecta también las formaciones coralinas, debido a dos herramientas una denominada portalón, la cual mantiene abierta a la red, y la otra llamada plomada que sostiene en el fondo la malla.




Infografía: Juan C. Flores / UN

Fuente: Unidad de Investigación de la USB

“Redes de deriva”



“Pesca con nasas”




La pesca industrial

A diferencia de la pesca artesanal, la industrial impacta en gran medida al ecosistema marino, se calcula que anualmente extraen alrededor de 85 millones de toneladas de pescado.

El problema es que esta pesca suele ser indiscriminada y feroz, por lo que impide la reproducción de los peces, ocasionando una sobreexplotación.

El buque factoría
Los buques factoría están equipados con sondas de ultrasonido que detectan los bancos de peces.



El helicóptero
También localiza los bancos de peces utilizando su sonar (radar), con el que envía informes a la flota pesquera.


Las redes
Son mallas cuyas aberturas se adaptan al tamaño de los peces. Dejan escapar a los más pequeños, es decir, a los más jóvenes, para que se reproduzcan.

Los barcos de pesca
El pescado se corta, se limpia y se mantiene congelado en cámaras frigoríficas hasta el momento de desembarcar el cargamento.



2.-A POLÍTICA PESQUEIRA

- A pertenza española á Unión Europea supuxo a adopción da **Política Pesqueira Común***, PPC, formalizada en 1983, o que supuxo ter que asumir as directrices comunitarias en materia de pesca.



Zona Económica Exclusiva de Pesca da UE.

Pesca en la UE

Capturas en millones de toneladas ¿Qué países son los que más pescan?

4,9 • 2010 • — Dinamarca España Reino Unido Francia
17% 15% 12% 9%

5,6 • 2005

8,1 • 1995



LA REFORMA DE LA
POLÍTICA PESQUERA
COMÚN DE CARA A 2013

Reform of the
Common
Fisheries Policy
towards 2013

(English from page 121)

Política Pesqueira Comunitaria (PPC)

Conxunto de políticas e normas, formalizada en 1983, para o apoio e a regulación da pesca e da acuicultura nos Estados membros da Unión Europea.

- Entre os seus **obxectivos iniciais** estaban garantir a seguridade do abastecemnto de peixe; conseguir prezos asumibles para os consumidores e un nivel de vida xusto para pescadores.

As **medidas** para conseguilo foron:

- regulación do acceso aos caladorios europeos e a xestión dos tratados de pesca con outros países
- a creación dun mercado común pesqueiro, con OCM (Organizacións Comúns de Mercado) que regulan os prezos dos produtos
- concesión de axudas para a modernización dos buques

Os **resultados** desta política ocasionaron problemas que se manifestaron na década de 1990: un **incremento da capacidade pesqueira** da frota moi superior aos recursos existentes e **problemas medioambientais** relacionados coa sobreexplotación dos recursos e a contaminación do medio mariño. Para resolvelos, a PPC reformouse entre 2003 e 2013.



● **Na actualidade**, a reforma da PPC pretende facerlle fronte aos retos pesqueiros dos próximos anos. Os seus **obxectivos** son garantir o abastecemento de peixe seguro, variado e de calidade a longo prazo; conseguir unha pesca sostible e contribuír ao desenvolvemento territorial das rexións pesqueiras mantendo a poboación, creando emprego e diversificando a economía. As **medidas** para conseguilo fináncianse mediante o FEMP- *Fondo Europeo Marítimo e de Pesca*:

- financia **medidas de mercado**, como a promoción ou as compras e o almacenamento de produtos pesqueiros cando os prezos baixan de certo nivel.
- financia **outras medidas** para mellorar a competitividade a través do desenvolvemento tecnolóxico, o coñecemento e a innovación; para o coidado mediambiental e para a mellora do nivel de vida e do emprego.

